

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE DECEMBRO DE 2005

### **1.- Solicitudes de licencias de obras**

Favorables.-

IC/2349/2005.- COSBREIXO S.L., legalización de modificacións da edificación situada en Sánchez Freire nº 49-53

LIC/156/2005.- JUAN QUEIRO QUEIRO, construción de edificación para 8 vivendas en UA-2 do PERI de Vieiro

LIC/1470/2005.- COOPERATIVA SALGUEIRIÑOS DE VIVENDAS, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, legalización das modificacións executadas na edificación na parcela 4B2 do SUNP-2

LIC/224/2004.- SOUTO COMAVI S.A., modificación e ampliación da licenza concedida na parcela 2M2 do SUNP-15, Pontepereda.

LIC/1517/2004.- MOAS DE ABAIXO S.L. legalización das modificacións executadas nas 8 vivendas unifamiliares executadas en Moas de Abaixo, Sta Maria de Figueiras.

### **7. Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á concesión do uso gratuito dunha instalación municipal.**

Autorízase a celebración do torneo triangular de fútbol, enmarcado na campaña de solidariedade Operación Quilo, que ten por finalidade a recollida de alimentos para repartir entre as familias máis necesitadas, a desenvolver no Campo municipal das Cancelas o vindeiro 31 de decembro en horario de 16 a 19 horas.

### **9. Proposta do concelleiro delegado de festas relativa á aprobación dos orzamentos de Fin de Ano e da Cabalgata de Reis 2006.**

Apróbase os devanditos orzamentos, que ascenden aos importes de 11.748 euros, para a fin de ano, e 97.879 euros, para a Cabalgata de Reis.

### **10. Adxudicación da Asistencia Técnica para a redacción dos plans parciais dos sectores sud-1 Mallou, sud-2 Cancelas-A Muiña, sud-3 Amio norte, sud-5 Amio sur e do plan especial pu-16 Mallou-Cancelas e sistema xeral viario Cancelas-Amio (treito camiño de Amio-Porto do Medio).**

Adxudícase a devandita asistencia técnica á empresa Oficina de Planeamento S.A. por importe de 351.480 euros.

### **11. Proposta do concelleiro delegado de educación relativa á prórroga do contrato de prestación do servizo de vixilancia, limpeza e conservación do CEIP de Fontiñas (Educación infantil).**

Acórdase prorrogar o devandito contrato para a prestación deste servizo.

### **12. Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e da execución dun polideportivo en Fontiñas**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa Taller 8 Arquitectos, S.C. por importe de 29.900 euros.

### **13. Proposta da concelleira delegada de educación relativa á prestación do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do polideportivo de Monte dos Postes.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 19.900 euros.

**14. Proposta da concelleira delegada de educación relativa á prestación do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público de Monte dos Postes.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 19.900 euros.

**15. Proposta do concelleiro delegado de circulación relativa ao subministro de sinais de aluminio para reposición na zona monumental.**

Dáse conta da solicitude de presuposto a Telvent Tráfico e Transporte, o que ascende a 8.734,51 euros.

**16. Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa ao aluguer do piso de oficinas na rúa da Rosa nº 16, 1º para a realización das actividades do proxecto EQUAL COMPOSTELA SOCIAL.**

Acórdase asinar o devandito contrato de aluguer por 12 meses (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006), por un importe total de 16.128 euros.

**17. Proposta do concelleiro delegado de transportes relativo á continuidade do contrato de xestión do transporte colectivo urbano de viaxeiros ata que se proceda a unha nova adxudicación.**

Acórdase unha nova continuidade do contrato de explotación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros suscrito con TRAP S.A. por un período máximo dun mes e medio ou, en todo caso, polo tempo indispensábel para completar os trámites pendentes.

**19. Proposta do concelleiro delegado de transportes relativa á anulación do cobro dos alugueiros do Concello por parte de TUSSA.**

Acórdase que TUSSA deixe de facturar ao Concello, en concepto de alugueiro de locais, desde o 1 de outubro de 2005, manténdose a facturación emitida ata esa data.

**20. Proposta do concelleiro delegado de transportes relativa á conxelación da tarifa do aparcadoiro municipal de Cornes para 2006.**

Acórdase conxelar esta tarifa, manténdoa para o 2006 en 0,60 euros por acceso.

**21. Proposta do concelleiro delegado de transportes relativa á actualización das tarifas da estación de autobuses para 2006.**

Acórdase, entre outros aspectos, unificar as tarifas das consignas grandes e pequenas, así como o exceso de utilización diario. Así, as consignas automáticas (grandes e pequenas) custarán 3 euros, mentres que o custo das consignas de bicicletas (novo servizo a instalar) será de 3 euros, e pagaranse 1,15 euros polo exceso por día nas consignas (vultos e bicicletas).

**22. Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención da Deputación da Coruña para axuda no fogar.**

Acórdase conceder ao Concello de Santiago unha subvención para axuda no fogar, cunha cuantía de 39.937,58 euros.

**23. Dar conta da sinatura dun convenio de cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia relativo a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

**24. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación “Gonzalo Torrente Ballester”.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o 30 de decembro de 2004.

**25. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes relativo ao financiamento da redacción da “Revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Santiago de Compostela”.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o 16 de decembro de 2005.

**26. Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e a “Congregación de los Hermanos de las Escuelas Cristianas” para uso da dársena de autobuses do colexio La Salle.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o pasado 21 de decembro de 2005.

**27. Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado 15 de decembro de 2005.

**31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación provisional do plan de sectorización do solo urbanizable non programable núm.5 (SUNP-5). A Muiña.**

Acórdase aprobar provisionalmente o plan de sectorización do solo urbanizábel non programable núm.5 (SUNP-5). A Muiña.

**32.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de reparcelación da área de execución núm.1 do plan especial de reforma interior de Concheiros.**

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación da área de execución núm.1 do plan especial de reforma interior de Concheiros.

**34.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de compensación do plan especial de reforma interior núm.12 (PERI – 12). Colexio Manuel Peleteiro.**

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto de compensación do plan especial de reforma interior núm.12 (PERI – 12). Colexio Manuel Peleteiro.

**35.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de compensación do solo urbanizábel non programado núm.20 (SUNP-20). Amanecida.**

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto de compensación definitiva do proxecto de compensación do solo urbanizábel non programado núm.20 (SUNP-20) Amanecida.

**36.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do texto do Convenio da substitución do aproveitamento urbanístico municipal no polígono 2 do SUP-3 de Pontepedriña por pagamento de cantidade en metálico.**

Acórdase aprobar definitivamente o texto do Convenio da substitución do aproveitamento urbanístico municipal no polígono 2 do SUP-3 de Pontepedriña por pagamento de cantidade en metálico.

**37.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizábel programado núm.3 (SUP-3). Pontepedriña.**

Acórdase aprobar definitivamente o texto do definitiva do proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizábel programado núm.3 (SUP-3). Pontepedriña.

**URXENCIAS**

-Apróbase definitivamente o proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizábel número 2 (SUP-2) de Cornes.

-Apróbase definitivamente o proxecto de reparcelación da unidade de actuación número 2 (UA-2) do PERI-7 de Pontepedriña.